



## **Expediente 4489/2023**

**Asunto** Aluguer de antena e repetidor para o correcto funcionamento dos equipos de comunicación para Policía Local 2024

**Trámite** Adxudicación

### **DECRETO**

Visto o expediente núm. 4489/2023 tramitado para contratar, por procedemento aberto simplificado, o aluguer de repetidor e antena para o correcto funcionamento dos equipos de comunicación para a Policía local.

Con data 11 de xuño de 2024 reuniuse a Mesa de Contratación deste Concello e, de conformidade co establecido no Prego de Prescricións Técnicas, e para comprobar que o mapa de cobertura dos aparellos que se van alugar abarquen todo o termo municipal, acordou requirirle á empresa que mellor oferta presentou, RADIOSPECTRUM NETWORKS, S.L., que prestara o servizo en modo de proba, durante 15 días naturais, coa finalidade de que a Unidade de Seguimento do Contrato verificase o correcto cumprimento en todos os puntos do termo municipal que considerara necesario.

Así mesmo, deberíase emitir informe pola Unidade de Seguimento do Contrato dos resultados da proba, para que o órgano de contratación poida adoptar os acordos que procedan.

Con data 02.08.2024 o axente da Policía local de Poio, en funcións de Xefe Accidental do dito Corpo, emite o informe nº 11362 no que pon de manifesto fallos na cobertura das emisoras da Policía local.

Con data 05.08.2024 emite informe a Concelleira de Seguridade Cidadá, responsable do contrato, no que queda xustificada a emenda dos fallos detectados pola Policía local, así como que a demora na tramitación das probas debeuse a causas externas á referida empresa, e outorga conformidade aos resultados da proba.

Con data 03.09.2024 remitiuse a Radiospectrum Networks S.L. un requirimento para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío do dito requirimento, presentara a documentación establecida no Prego de Cláusulas Administrativas (Xustificante de constitución de garantía definitiva polo 5% da oferta presentada, excluído o IVE, Certificado de que a empresa está ao corrente coa Axencia Tributaria Estatal e Facenda Galegas así como da Seguridade Social e compromiso de adscribir ao contrato os medios materiais e persoais establecidos xuntando documentación xustificativa da mesma e designación do delegado de obra do contratista).

Con data 04.09.2024 presentouse a través da Plataforma de Contratos do Sector Público toda a documentación requirida, consistindo a garantía definitiva nunha fianza en metálico polo importe de 363,64 €.

Finalizado o procedemento e á vista de todo o anterior, ao abeiro do establecido no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e no Decreto núm. 2023-0645, de 28.06.2023, de distribución de competencias entre a Alcaldía e a Xunta de Goberno Local, RESOLVO :

### **Concello de Poio**

Praza do Mosteiro, Nº1, Poio. 36995 (Pontevedra). Tfno. 986770001. Fax: 986771277





**Primeiro.-** Abocar a competencia da Alcaldía como órgano competente segundo o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto de 28 de xuño de 2023, para prestar aprobación á adxudicación do contrato para o aluguer de repetidor e antena para o correcto funcionamento dos equipos de comunicación para a Policía local.

**Segundo.-** Prestar aprobación á proposta de clasificación de ofertas realizada pola Mesa de Contratación:

1º.- RADIOSPECTRUM NETWORKS, S.L.

2º.- VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA, S.L.

3º.- SISTEMAS DE SEGURIDAD RIGEL, S.L.

**Terceiro.-** Prestar aprobación a adxudicación do contrato para o aluguer de repetidor e antena para o correcto funcionamento dos equipos de comunicación para a Policía local a favor de Radiospectrum Networks, S.L. polo importe de 8.800,00 € (ive engadido) e demais condicionantes indicados na súa oferta e con suxeición ao establecido no prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que forman parte integrante do contrato.

**Cuarto.-** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente e formalización do contrato administrativo.

**Quinto.-** Comunicar a presente resolución á empresa adxudicataria así como ao resto de empresas licitadoras con indicación de que, contra a mesma, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde deste Concello, no prazo dun mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e computándose os prazos de conformidade co establecido na Disposición adicional décimo quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante Xulgado Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, a contar desde a práctica da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

**Sexto.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión ordinaria que realicen.

Poio, documento asinado dixitalmente

O alcalde,

Ángel Moldes Martínez

Para os efectos de fe pública

O secretario xeral,

Juan Francisco Sánchez González

**Concello de Poio**

Praza do Mosteiro, Nº1, Poio. 36995 (Pontevedra). Tfno. 986770001. Fax: 986771277

